

O plan de (des)emprego xuvenil de Rajoy

Escrito por Xabier P. Igrexas
Martes, 12 Marzo 2013 08:28



Cando o paro no Estado español e en Galiza atinxen o seu record histórico o goberno Rajoy saca da manga unha “**Estratexia de emprendemento e emprego xuvenil 2013-2016**”. Máis un deses plans estéticos cos que se pretende xerar a sensación de que se toman medidas para resolver problemas.

As cen medidas recollidas no plan, que aseguran contará cun orzamento de 3.500 millóns de euros financiado en parte polo Fondo Social Europeo, concéntranse en apenas dúas grandes liñas de actuación.

Dunha banda a promoción empresarial, iso que agora chaman estímulo ao emprendemento, que non é outra cousa que **colocar como principal saída laboral o traballo por conta propia e a creación de novas empresas.** Este pretense dáse de morros contra a dura realidade marcada pola continuada desaparición de pequenas e medianas empresas --por mor da queda do consumo provocada precisamente polas políticas de recortes e empobrecemento salarial impostas polo PPSOE-- e polo esmorecemento dos principais sectores produtivos, nomeadamente o agrario e máis o industrial. Para axudar a unha mocidade que se ve privada de oportunidades e posibilidades, quer para traballar quer para estudar, **o goberno do PP ofrece fórmulas ridículas** como a capitalización do 100% da prestación por desemprego (quen a tiver) para invertir “nunha sociedade mercantil coa que se teña un contrato indefinido” ou a súa compatibilización durante nove meses coa apertura dun negocio.

Por outra, **insítese na antisocial e fracasada fórmula dos incentivos, descontos e**

O plan de (des)emprego xuvenil de Rajoy

Escrito por Xabier P. Igrexas
Martes, 12 Marzo 2013 08:28

bonificacións empresariais que só benefician ao patronato. A conversión de contratos temporais a indefinidos no caso de menores de 30 anos sen experiencia laboral suporalle ás empresas un incentivo de até 700€ anuais. Bonifícanse tamén os ultraprecarios contratos de prácticas con descontos de até o 50% nas cotas empresariais á seguridade social. Porén, unha das medidas máis graves e prexudiciais é a que permitirá ás ETTs formalizar contratos para a formación e aprendizaxe. Unha modalidade impulsada na última reforma laboral que favorece a explotación, ao permitir que **as mozas e os mozos poidan ser “aprendices”, con menores salarios, até os 33 anos.** As PEMES xa ficaban arestora exentas de pagar cotas de seguridade social das e dos “aprendices”.

Debullar as medidas que veño de sinalar, como mostra doutras moitas, deixa ás claras que este plan en realidade **non axudará a crear emprego para a xente nova**, senón que unicamente **alargará aínda máis o réxime de total precariedade que padece a mocidade traballadora**. Ningunha destas medidas axudará a evitarmos a nova vaga de emigración forzosa, que cada día expulsa a 70 mozas e mozos do noso país. Nin a reducir unha taxa de desemprego xuvenil moi próxima ao 50%. Nin a revertir a temporalidade estrutural, a contratación a tempo parcial e outras formas de subemprego. Nin a poñer fin ao drama contrahistórico de que **as novas camadas que se incorporan ao mundo do traballo o faga con menos dereitos e cobrando menos** polo mesmo traballo que a xeración anterior.

O único beneficiado é o empresariado a quen **se lle abarata, máis unha vez, o custe da forza de traballo moza.** O facto de que os máximos dirixentes de CCOO e UGT participen na presentación oficial desta fraude antisocial, con Rajoy como mestre de cerimonias, volve evidenciar o modelo de sindicalismo que practican.

Xabier P. Igrexas
www.contradiscurso.net | @contradiscurso